

A PRIMEIRA ANTÍA

I

O ar recendía ao mar, coma sempre. Unha mestura de xebras enxoitas e sal adoitaba a se-lo perfume que percorría tódalas rúas da vila, un perfume que Antía coñecía ben, a única cousa que era de balde, a única cousa que lle facía ben na alma e que ela tiña polo bálsamo das súas coitas. O mar, coma sempre, recendía e ruxía, ela, coma sempre, choraba silandeiramente.

Na cociña unha morea de cuncas esperábana. Antía pensaba no doado que era lava-las e no difícil que era enchelas. Ao ve-las, pensou que abondaba cunha auga para quedasen limpas de vez. A penas tiñan restos do caldo, de tanto pasarlles a culler, de tanto secalas cun anaco de pan duro coma unha pedra, un anaco de pan de varios días que á forza de mollalo quedaba amolecido, aboiando no líquido, facendo unha única sopa que navegaba no caldo miserento. Canta miseria, canta miseria.

Sete cuncas baleiras ao carón dun só prato tamén lambido, aquel prato que ela tiña a obriga de encher como fora. Antía non sabía dende onde viña o costume de que o prato máis cheo había ser para o home. De cando en vez, choraba de impotencia ao non poder xuntar cartos dabondo para mercar algunha cousa coa que tapa-la fame que había na casa.

Temía á hora de que aquel home sentara á mesa e cunha fala aceda, afeita a botar moxenas pola boca, esixira o seu xantar a berros. Os meniños eran outra cousa, ela alentaba por eles e por eles traballaba a reo lavando roupa para fóra, andando aos mandados, cosendo polas casas pola vontade, por eles pasaba con calquera cousa, mais cando paría, a súa nai facíaa comer á forza, ao mediodía, unha tortilla dun ovo coa miga de pan e un pouco de azucre e á noite, unhas sopas de cabalo canso, un sobrealimento para que tivese máis leite. A nai de Antía non só miraba porque ela e os meniños estivesen ben mantidos, tamén tentaba dese xeito que ela puidera dárlle-lo peito canto máis tempo mellor, na crenza do que escoitara toda a vida, que dicía que as mulleres non quedaban en cinta mentres daban de mamar.

II

Do peirao chegaban as novas do peixe e dos homes. Sentíanse ao lonxe o bruar das sereas dos barcos mesturadas co son dunha buguina que anunciaba á pesca..

O ar do mar, esta vez, deixáballe o sitio ao recendo do peixe fresco que viña dende a cuberta dos barcos.

Había algún tempo que a maioría das sardiñas ían para a fábrica de conserva, dende aquela, cando a marea era escasa, pouco había que repartir para lle face-lo quiñón aos mariñeiros.

Ao ver chega-lo seu home, abrindo a cancela daquel xeito violento, ao senti-los seus berros, cando tódolos santos baixaban do ceo, xa sabía que non había quiñón para vender na lonxa, nin pequeno nin grande. Xa sabía que os cartos da venda daquel peixe xa quedaran no camiño. Non había peixes que lles dar aos meniños, só había, coma sempre, sete bandullos fartos de fame, sete buracos fartos de esperar.

III

Tratra, tratra, tra... o son da máquina de coser, as pegadas da agulla trazando camiños de fío na noite pecha, un ruído que semellaba o bater das cunchas da praia e o roce dunha contra a outra, repetindo unha e outra vez a mesma cantarela. O repenicar dunha máquina de coser, no medio da miseria e a soidade, era unha fenda no silencio.

Antía miraba os morados da súa man dereita, ao dar voltas á manivela de porcelana branca da máquina de coser, eran imposibles de borrar dun día para o outro. Ao achegarse o meniño cun chupón, agochou a súa man mancada debaixo da tea da chambrá que estaba a coser, coa outra, mollaba o chupón do neno nunhas áreas de azucre. Tratra, tratra, tra entre catro paredes, e fóra, o son do mar ouveando polo medio dun corredor de rochas ao pé dos cantís.

IV

“ Pousa, rapaza ¿ non sabes que non che fai ben leva-lo peso na cabeza?.

A nai miraba por Antía canto podía, nembargantes, nin ela nin ninguén da familia eran quen de mingua-la carga da que ela soa tiña que termar. Antía casara sen que ninguén lle dera os parabéns. Ninguén aturaba a idea de que aquela fermosa rapaza casara tan nova con aquel home desleixado, lacazán, amigo das pelexas de portas a dentro, un home destemido que semellaba se-lo amigo de calquera que pagase unha rolda de viño. O home, que esquecía o camiño de volta á súa casa e que sabía moi ben o da taberna, estaba a asexala chegada de Antía para sacarlle os poucos cartos que puidera levar no mandil. Xa non lle fiaban nas tabernas e non tiña un patacón, por iso, andaba na súa procura.

“ Deixa, muller, xa che axudo eu”.

De esguello, Lois miraba a Antía e a súa nai comprobando se elas crían na sinceridade das súas maneiras. Mentres Antía baixaba a vista cara ao chan, a súa nai reprimía na mirada unha mestura de sentimentos, sentía dor pola mágoa daquela rapaza, unha mágoa que non merecía nin ela nin os seus fillos.

Lois, erguendo a máquina que levaba Antía nun moído á cabeza, pousouna no chan dicíndolle.

“ xa che teño dito que non tes falta de andar a coser polas portas ¿ para quen traballo eu?, para ti, para terte coma unha raíña e máis agora que imos ter outro fillo”

A faciana da nai mudou de súpeto. A carraxe que lle tiña aquel home había tempo que xa acadara o cume da súa paciencia. Non podía dar creto ao que escoitara, pero só podía chora-la mesma impotencia que tiña a propia Antía.

“ Miña filliña, chégate á casa ...”

Sen dar máis chío botou a andar deixando atrás á súa filla e aquel home que era quen de espertar nela os máis escuros sentimentos. A xenreira que lle puidera ter ao mesmo demo, a aquel desgraciado quedáballe pequena.

V

A mirada extraviábaselle na liña do horizonte. Alí, no cume dos cantís, os seus ollos escuros semellaban dúas lagoas na calma máis absoluta, coma o mar, que esa tarde ofrecíalle unha paisaxe diferente á que adoitaba debuxar ao pé daquelas catedrais de pedra. Aquel día, as imaxes que reflectían os espellos das ondas non querían movemento algún. O mar chan agasallaba a Antía, cun vento mol, cálido, lene..., cun aloumiño que lle bebía as bágoas.

Dende o seu recuncho segredo, dende unha pequena chousa de palla que lle facía de atalaia, ela miraba o paso case imperceptible do mar. Dende alí repasaba a súa memoria ata arrincar do pensamento as bágoas que tanto tempo mollaran as follas do seu calendario.

Ás veces achegábase aquel mesmo cume, onde o mar encabuxado rabuñaba ás rochas, e daquela, os seus berros quedaban tapados polos berros do mar. Así, oculta no latexo atronador do corazón da marusía, morría a súa queixa coma se fose un simple murmurio.

Pero aquela tarde o mar paseaba aos pés dos cantís máis calmo que nunca, a penas marmexaban as ondas, entón escoitouse o laído dunha gorxa angustiada, no eco do baleiro un corazón choído choraba a berros.

VI

¿ Non hai novas de Lois señor cura?

“Non hai miña filla, non hai, e o caso é que eu xa falei cun párroco da Habana e seica aló non saben nada del tampouco. Eu xa non sei que hei facer para axudarte. Estiven na procura dun traballo para ti na lonxa pero non queren mulleres, máis que para vender, e ti, xa non tes quen che traia unha patela chea. Na fábrica, mandan os homes. Non están polo labor de empregar a unha muller que non se sabe ben se está casada ou viúva...aínda hai quen pensa no que aquel milhomes baduaba na taberna, aínda hai quen dubida se o bébedo había ter razón cando che facía responsable da súa mala sorte”

“ pero vostede ben sabe que o que está a dici-la xente no rueiro non é verdade. Lois foise pola súa vontade. Outros homes que foron arranxa-los papeis para marchar cara á América, vírono polos camiños que o levaban cara o peirao de Vigo...”

“ xa filla, xa, mais ninguén que o vira embarcar, nin sequera houbo alguén, dos que mandaron novas dende a Habana, que dera conta de te-lo visto abordo do vapor”

VII

Tódolos días había unha cesta de peixe ou de verdura ao carón da porta. Antía, coitada, non era quen de achegarse a ela ata ben entrado o día, aínda que xa a tivera visto ao amencer, dende unha xanela daquela cabana de casqueiros que era a súa vivenda. Un dos meniños, con moito coidado, collía a cesta ollando que non houbera ninguén no arredor. Aquela axuda anónima, e unha pobre leira que tiñan, dáballes de come-lo preciso para poder sobrevivir.

E así foi, ata que o tempo levou aquela áncora pesada da tortura, ata que os veciños esqueceron as dúbidas que facían a Antía responsable da súa desgracia.

O tempo pasou a vasoira dos anos, mais aínda quedaban no chan os restos das frangullas dalgunha fala das lingoreteiras de sempre. Aínda había quen aproveitaba un velorio para desenterra-lo pasado. Cando o tempo levou a áncora pesada daquela tortura, cando os veciños esqueceron as dúbidas que facían a Antía responsable da súa propia desgracia, había dúas cousas que fixeran nela un galardón, a súa conducta, o seu traballo, gañaran día a día o respecto de todos.

Co percorrer do tempo conservaba nos ollos a luz que posúe quen ten a verdade no corazón. Por riba de todo e de todos estaba o seu xeito de encara-la vida, de troca-la necesidade de chora-la realidade pola esperanza de vivir.

Só foi precisa unha man que lle abrise unha porta. A man que non deu a cara pero que lle deu a vida a Antía e aos seus fillos.

O señor cura dixerá que aquel almacén fóralle doado á igrexa había moito tempo, era certo, pero en realidade, o humilde vicario do Señor, só era un intermediario da vontade dun desexo anónimo, e os cartos que para ela fóranlle encomendados, pertencían a unha persoa que pregara del o segredo de confesión. Do contido dese segredo, só podía dicirlle que o almacén e os cartos quedaban a súa disposición. A man anónima, que adoitaba a pousar unha a cesta diante da porta de Antía, agora engadía unha chave e unhas moedas.

A SEGUNDA ANTÍA

I

Antía botaba de menos aquel recendo ao mar, que enchía as lembranzas de cando era nena, ao ar do suspiro lene que lle deixaba un pouso de salitre nos sucos da faciana. Aquele sabor no padal facíalle compañía ao lonxe, nun pequeno despacho dunha enorme rúa de Madrid.

Resultaba sorprendente que o ruído das máquinas que escarvaban o chan, un andar máis abaixo, non puidera coa paciencia dela.

O asunto que tiña entre as mans absorbía todo o seu tempo, unha morea de solicitudes ateigaban a mesa de traballo de xeito que aquela non era á hora de botarse a durmir.

Había pouco tempo que *Antía* estaba a desenvolver este traballo. Custáralle barro chegar a el, ata acada-lo, foi preciso que choutara por riba de moitos obstáculos. Todo eran atrancos á hora de contrata-los servicios dunha muller e despois de conseguilo, aínda tiña que demostra-la súa valía máis que os seus compañeiros, só polo feito de ser unha muller.

Semellaba que este tipo de situacións só aconteceran moito tempo atrás, nembargantes, a día de hoxe aínda había quen non confiaba nunha muller para algunhas

cousas. Un home precederaa naquel cargo, non era difícil que aínda houbera xente que non se afixera a súa presenza. O seu era un posto de traballo ao que cumpría chegar dende abaixo, tendo mamado, como se adoita a dicir, tódolos chanzos da escada un a un. Pero no caso de *Antía*, ela chegou ao seu despacho por casualidade a cubrir unha baixa, estaba previsto que o seu contrato non durara máis dun mes. Nese mes leu todos cantos expedientes e solicitudes atopou, abriu mil veces cada un dos arquivos, mirou polo miúdo tódolos casos, ata sentir, case na súa propia pel, os problemas daqueles que ata agora foran anónimos para ela.

Tiña visto nos diferentes medios de comunicación o rostro das mulleres maltratadas, tíñaas escoitado cunha éstrana sensación de desacougo, pero nunca tivera en fronte unha persoa de carne e oso que lle puxera tan directamente a pel de galiña.

Ela quedou naquel traballo polos seus oídos atentos, polos seus ollos que sabían mergullar ata acada-la alma, polas súas mans que procuraban un aloumiño discreto para quen rexeitaba o contacto coa pel humana, simplemente, porque alguén lle fixera tanto dano que lle mancara a pel da alma.

Ás veces, cando lía algún expediente notaba unha presión no peito que case a deixaba sen alento, entón aínda valoraba máis o cariño que a súa familia lle procurara.

II

Parte das súas raíces estaban en Galicia, alí viviran seus avós maternos e a súa historia remontábase ata a súa bisavoa, unha muller que quedou soa cos seus fillos cando o seu home foi para a América para lles dar unha mellor vida aos seus. A mala sorte quixo que seu bisavó, cun golpe de mar, caera pola borda do vapor e así, o océano foi o seu cadaleito. Aquela muller, á que nunca puideron chamar viúva, porque o corpo do seu marido non aparecera, que fora un exemplo de valentía levando ás costas todo o peso da familia, foi quen de poñer un taller de costura onde ían vestirse as familias de máis requinte da provincia.

III

Tratra, tratra, tra a rebarbadora tentaba cortar os pés dun par de bancos do paseo. *Antía* tentaba botarlle unha última ollada a aquel expediente. Ela, sen saber porqué, sentiu un forte cheiro á alcatrán e a madeira. Ao mirar cara a fóra só viu unhas arbores tamén cortadas que xacían ao carón dos bancos. Os sentidos, os sons, os recendos, levaran o seu pensamento cara atrás, ata un peirao onde os barcos de pesca abarloados, esperaban á hora de saír ao mar.

Un plano da cidade empeñábase en facerlle a vida imposible, enchíalle case toda a superficie da mesa pero ela non ceaba no seu empeño de desenvolve-lo todo, tiña que atopar un lugar onde refuxiar os anacos doutra familia desfeita, media ducia de ollos, a choros tentábanlle explicar, sen poder, unha dor inexplicable con palabras.

Eran as doce da noite e aínda non sabía onde leva-los meniños e a muller que estaban a chorar no interior do seu coche. Aquel home estaba fóra de si e ela tiña medo pola sorte que podían correr aquelas criaturas e a nai nas súas mans. De súpeto, lembrou a primeira frase que lle dixeran o seu antecesor ao saúda-la:

“ escoita, rapaza -díxolle nun ton paternalista-, non tes falta de te involucrar nos problemas que arrastra esta xente -a verba xente tiña un significado semántico diferente nos beizos daquel home-. senón tomas distancia deles, morreras no intento de axudarlles. Creme, non paga a pena matarse de máis...”

O motivo aparente do cese daquela home foi definido nun espacio branco dun impreso coma “cese voluntario” pero *Antía* soubo andando o tempo, que así adoitaban a chamarlle algúns casos de ineptitude. El non era un bo profesional, acadara o cargo co único fin de asina-los traballos que os demais facían por el, xamais escoitou unha testemuña coma a que nese intre estaba a falar diante dela. Sempre o mesmo tipo de relato co verniz morado na carne, ateigado das verbas máis crúas, mollado cos choros máis fondos, coas palabras máis múas.

“...senón tomas distancia morreras no intento,,,”

Pousou o plano e, case arrastras, volveu ao coche coa muller e os dous nenos. Fóra a chuvia anegaba a rúa.

IV

De camiño ao mar o tempo semellaba te-los pés inquedaos.

“ quen me dera ser unha gaivota para chegar antes a onde quero levarvos. Só ides estar aló mentres o xuíz non dicte medidas de afastamento que vos poidan protexer del..”

Distancia, quizais esa era a palabra clave para arranxalo todo.

Non sabía como era posible atura-lo silencio e ata amalo, pero iso era o que precisaban todos os que ían no coche cara os cantís que ela tanto amaba.

¿ sabes coser ? esas dúas verbas abondaban para racha-lo silencio.

A muller, que ía detrás abrazada aos seus pequenos, devolveulle o sorriso a Antía polo espello retrovisor.

V

Na casa que se debuxaba no cume dos cantís había dous agasallos para os sentidos, para os sentidos cos que ela tanto traballaba.

O ar recendía ao mar coma sempre. Nunha esquina do que moitos anos atrás fora unha casa de casqueiros, hoxe, ao pé dunha comfortable cheminea sentíanse ao tempo falar dúas linguas, nunha máquina de coser e nas ondas do mar.

Tratra, tratra, tratra..., unha máquina de coser latexando no corazón dunha nai, tratra, tratra, tra..., o son do repenicar das cunchas da praia,.nas mans de dous meniños que estaban a cantar.